

Simposio mundial de Antropología en homenaje a Otero Pedrayo

El siglo XX desde una perspectiva antropológica-cultural se caracteriza por la explosión del nacionalismo, afirmó el catedrático de Antropología Social de la Universidad Complutense, Carmelo Lison Tolosana, en la inauguración del Simposio Internacional de Antropología "Identidad y Territorio", al que asisten expertos de todo el mundo.

Este simposio, que se celebra como conmemoración del centenario del nacimiento del

polígrafo gallego Ramón Otero Pedrayo, se inauguró con una ponencia de Carmelo Lison sobre "Dialéctica Nación/Estado: Antropología del Extranjero".

Se preguntó el ponente si "es la nación-estado una especie en vías de extinción?", y destacó que "la etnografía conflictiva que aporta este sentido y referida a este año parece subrayar al nacionalismo como el drama moral de nuestro tiempo".

22

As sagradas fronteiras e a seducción dos mapas segundo Joan Mira

SANTIAGO. A.R.L.

"No extenso tema da definición dos grupos étnicos ou de identidade básica, é imprescindible a distinción entre aqueles que asocian a identidade/distinción ó territorio e os que non. A fronteira, real ou imaxinaria, marca o límite da distinción", con este límitar, o profesor Joan Mira, da Universidade de Valencia, deu paso a unha comunicación que, baixo o suxestivo título de "A fronteira sagrada", se incluíu nas sesións da mañá do simposio. Joan Mira afirma que a súa comunicación non é a proposta de ningunha tese senón unha análise que surxe coa observación da fronteira como límite que encerra o primeiro "patrimonio" esencial da nación.

Dentro do establecemento desas fronteiras, Mira descubriu para os asistentes ó simposio o grande poder de seducción que para unha comunidade garda o mapa como imaxe que plasma unha realidade xurídico-política. "Para os estados", dixo, "as fronteiras son os instrumentos más fortes de recurso simbólico. O mapa é a propaganda dessa fronteira intocable pola que se dá a vida. Un estado existe para defender a fronteira e o exército encontra nela a súa razón moral".

A importancia que pode ter

o mapa é reflexada por Mira no surximento da autonomía, anque considera que isto non conleva un troco na concepción dunha España como espacio supremo da práctica simbólica. "O Estado sigue existindo. Por moitas competencias administrativas que ceda, sempre conservará as que se refiran ás relacións exteriores (que é o que marca o dentro e o fóra), e á custodia da propia fronteira. Tampouco cede o estamento militar coa razón última na defensa do territorio. Nese aspecto, a situación non variou en absoluto".

O que si variou é o proceso simultáneo de asentamento autonómico que promove a aparición doutros mapas que suplantan os provinciais. "Ó que moitos non viran ata entón, agora éntrelas polos ollos. Comunidades como Castilla-La Mancha, que non teñen ningunha tradición histórica conxunta, ou a comarca de Madrid diferenciada de Castilla, adquieren connotacións diferenciais. Adquieren unha entidade rexional. Os mapas neste aspecto funcionan moi porque reforzan o sentido de identidade".

As fronteiras ("límites do absoluto, o supremo e o sagrado") cobran unha importancia áñade superior ó recoller o caso dos países africanos ou Suramérica, tal e como Joan

Mira suliñou, continentes nos que os colonizadores demarcaron os colonizados mediante unha liñas arbitrarias que, pouco a pouco, callaron na conciencia dos seus habitantes ata convertirse en sinais dunha identidade. "Por primeira vez", concluiu, "no século XX toda a humanidade vive dentro de fronteiras. Por primeira vez, a raia e o mapa definen o marco básico da identidade. E desde a moral do Estado, o crime más grande é o intento de reducir este espacio-fronteira. O separatismo é o único crime que xamais se perdoará".

Respecto ó proceso de comarcalización iniciado por algunas autonomías, Joan Mira considera que é un intento de difícil consecución en tanto que iso significa a ruptura das provincias como elementos vertebradores dun Estado. "Amais", engadiu, "non todas as comarcas teñen unha idea clara da súa identidade como tales anque sexa unha vella reivindicación dos nacionalistas". Finalmente, destacou a importancia das entidades subestatais na apertura cultural cara a conceptos máis universais. "A cerrazón do estado tradicional é más perigosa que as entidades subestatais porque tenden a dixerir as súas propias características. As entidades poñen máis énfase na apertura".

El Correo Gallego

Fundado en 1878. Nº 38.555. Director: José M. Rey Núñez. Viernes, 11 de Noviembre de 1988

65 pesetas

Cultura

«Identidade e Territorio»

A identidade, o seu proceso de asunción e a súa defensa, a debate

SANTIAGO. Antón R. López

"Se algo caracteriza, desde unha perspectiva antropolóxica e cultural, ó noso século é a explosión do nacionalismo" afirmou o catedrático de Antropología Social da Universidade Complutense de Madrid, Carmelo Lisón Tolosana, na primeira das ponencias que se representaron no simposio internacional sobre anto-

loxía "Identidade e Territorio", organizado polo Consello da Cultura Galega. Pouco antes da ponencia, o rector da Universidade de Compostela, Carlos Pajares, e o vicepresidente do Consello da Cultura Galega, Constantino García, inauguraban oficialmente este simposio que se clausura mañá en Trasalba cunha mesa redonda que ten a figura de Otero Pedrayo como eixo.

Baixo o título de "A didáctica nación/estado: antropoloxía do estranho", Lisón Tolosana desenvolveu unha ponencia na que suliñaba o papel do nacionalismo como o "drama moral do noso tempo". Drama moral no sentido de que as identidades estatais englobaban identidades distintas e a súa coexistencia podía xerar conflictos.

Para o catedrático, que realizou un extenso traballo de campo en Aragón e Castela, dúas soluciones válidas que se poderían adoptar para procurar formas harmónicas que conxuguen a emotividade da forza primaria local e a invasión dunha sociedade mundial, serían as elixidas por Xapón, onde converxeron identidade tradicional e un universalismo imposto polo mundo contemporáneo; e California, onde conviven identidades diferentes diversas dun xeito fructífero e que se superpoñen para provocar unha mellor creatividade do ser humano.

O capítulo de comunicaciones estivo centrado en "A fronteira sagrada" de Joan Mira e "Discurso nativo sobre o espacio e identidade cultural" de José Luis García, da Universidade Complutense. A comunicación de José Luis García é un moi interesantísimo traballo sobre a súa experiencia na bisbarra asturiana de Oscos e

centrado na importancia do discurso nativo no proceso de identidade cultural. Para isto, García tomou como obxecto de análise o discurso sobre o espacio de tres fontes directas provenientes do Concello de Villanueva de Oscos.

García compara os discursos das distintas persoas contrastando isto coas conductas observadas e suliñando a importancia do discurso como conducta e non tanto como fonte de información no proceso de construcción da identidade cultural. O resultado é unha conducta lingüística uniforme. O labor do antropólogo cos advervios "ai" e "ali" é dunha claridade sorprendente. García detense a analizar non só a postura adoptada polo falante á hora de elixir un ou outro advervio, senón tamén as causas socio-culturais e económicas que provocan a elección a partir da conciencia de relación que se teña co espacio mentado ou descrito.

O discurso

Deste xeito, un falante (independente da súa formación cultural) utiliza o "ai" para se referir a un punto inmediato do seu entorno, inmediato non pola súa localización. Inmediato polos efectos que ten na súa vida cotiá. O falante utilizará "ai" para in-

dicar o habitáculo da súa casa, e "ai" para designar á corte. Utilizará "ai" para denominar á vila coa que manteñen un intercambio económico máis numeroso, e "ali" para facelo con outra que, a pesar de estar máis preto, non mantén unha comunicación tan intensa. Para José Luis García o discurso constitúese na identidade anque poida chegar a ser unha deformación da realidade.

As sesións da tarde abríronse coas comunicaciones de Joan Prat, da Universidade de Barcelona, "Identidade e Territorio: teoría práctica", e de Alexander Lopasic, da Universidade británica de Reading, "Problemas cotiás na identidade". Mentres Prat realizou un exhaustivo percorrido polos diferentes obxectos de estudio elixidos polos antropólogos ó longo dos últimos anos, Lopasic describiu o proceso de identidade nas comunidades de Bosnia e Suíza.

A xornada inaugural pechouse con dúas novas comunicaciones. "Identidade e Territorio nos asentamentos libios" de J. Davis, da Universidade de Kent en Reino Unido; e "A identidade cultural vista desde fóra" de Alain Le Pichon, profesor da Universidade de Lovaina e presidente do Instituto para o coñecemento recíproco das civilizacións.